



**LA POLICÍA LOCAL DE NIGRÁN COMPITE POR VEZ PRIMERA EN LOS
'VI JUEGOS EUROPEOS DE POLICÍAS Y BOMBEROS' QUE ARRANCAN
MAÑANA EN HUELVA**

**Serán los únicos representantes del Val Miñor en un evento deportivo que
reúne a más de 5.000 participantes de 30 países y 15.000 visitantes**

**Debutarán en siete disciplinas diferentes: Natación, Atletismo, Ciclismo,
BTT, Biathlon, Duathlon y Triathlon**

Nigrán 10/06/13.- Una expedición compuesta por seis policías locales de Nigrán, encabezados por el inspector jefe José Manuel Vázquez, partió esta mañana temprano hacia Huelva para participar por vez primera en su historia en los 'VI Juegos Europeos de Policías y Bomberos'. Ellos serán los únicos representantes del Val Miñor en una competición que arranca mañana sábado y que se extiende hasta el domingo 19 de junio con la participación de 5.000 deportistas de 30 países y 15.000 visitantes. Con este campeonato el cuerpo policial se estrena en una competición deportiva a nivel internacional (existen también Olimpiadas y Mundiales de este perfil).

"Es un orgullo que Nigrán esté presente en un evento que reúne a miles de participantes de todo el continente. Nuestros agentes se preparan día a día para poder desempeñar sus funciones con orgullo y capacidad y ofrecen una imagen muy positiva de nuestro municipio en un campeonato que además de fomentar la práctica deportiva transmite valores como la fraternidad y el compañerismo", señaló el alcalde, Juan González, en su despedida esta mañana desde la casa consistorial, a la que acudió también el edil de Seguridad Rubén Rial.

Los seis agentes, de edades comprendidas entre los 35 y 40 años (de izquierda a derecha en la imagen), son Ubaldo Rodríguez, Montxo Hermida,



Santiago Pereira, Borja González, José Manuel Vázquez y José Luís Garrido (este último no está en la foto porque partía desde Pontevedra). Competirán en siete disciplinas diferentes: uno en natación, dos en atletismo, dos en ciclismo, dos en BTT, dos parejas en Biathlon (correr una milla, efectuar 12 disparos a una distancia de 25 metros, correr una segunda milla, volver a efectuar otros 12 disparos y por último correr una tercera milla), dos parejas en Duathlon y un equipo de tres en Triathlon.

"Cada uno de nosotros tiene bagaje en las disciplinas en las que vamos a participar, así que decidimos llevar nuestra afición individual al ámbito público para representar así a Nigrán en una competición de este tipo por vez primera en su historia", señala el inspector jefe José Manuel Vázquez, quien el pasado fin de semana logró el bronce en el Campeonato Gallego de Natación Máster de Verano. Vázquez es el único que ya ha participado en competiciones internacionales siendo agente local en Vigo, una experiencia que describe como "muy positiva" y que ha trasladado a los otros cinco agentes de Nigrán que ahora se estrenan.

La presencia de la Policía Local en los Juegos es posible gracias a la colaboración del Concello y de los patrocinadores privados Pescapuerta y Marine Instruments. Asimismo, el Club Ciclista Rías Baixas colabora prestando los remolques con los que trasladan las ocho bicicletas que emplearán en las diferentes pruebas.

Los Juegos Europeos se iniciaron en 2006 en la ciudad de Pontevedra. Desde entonces se celebran cada dos años en una localidad europea diferente, de manera alterna con los Mundiales. Desde su inicio, el número de participantes en cada edición ha ido creciendo de forma ininterrumpida, hasta el punto de que, a nivel mundial solo se ven superados en índices de participación, de número de deportes y de repercusión económica por los Juegos Olímpicos y por los Juegos Mundiales de Policías y Bomberos. En los



Juegos participan policías, bomberos y miembros de la administración penitenciaria y de las aduanas de numerosos países europeos.

A POLICÍA LOCAL DE NIGRÁN COMPITE POR VEZ PRIMEIRA NOS 'VI XOGOS EUROPEOS DE POLICÍAS E BOMBEIROS' QUE ARRINCAN MAÑÁ EN HUELVA

Serán os únicos representantes do Val Miñor nun evento deportivo que reúne a máis de 5.000 participantes de 30 países e 15.000 visitantes

Debutarán en sete disciplinas diferentes: Natación, Atletismo, Ciclismo, BTT, Biathlon, Duathlon e Triathlon

Nigrán 10/06/13.- Unha expedición composta por seis policías locais de Nigrán, encabezados polo inspector xefe José Manuel Vázquez, partiu esta mañá cedo cara a Huelva para participar por vez primeira na súa historia nos 'VI Xogos Europeos de Policías e Bombeiros'. Eles serán os únicos representantes do Val Miñor nunha competición que arrinca mañá sábado e que se estende ata o domingo 19 de xuño coa participación de 5.000 deportistas de 30 países e 15.000 visitantes. Con este campionato o corpo policial estréase nunha competición deportiva a nivel internacional (existen tamén Olimpíadas e Mundiais deste perfil).

"É un orgullo que Nigrán estea presente nun evento que reúne a miles de participantes de todo o continente. Os nosos axentes prepáranse día a día para poder desempeñar as súas funcións con orgullo e capacidade e ofrecen unha imaxe moi positiva do noso municipio nun campionato que ademais de fomentar a práctica deportiva transmite valores como a fraternidade e o compañeirismo", sinalou o alcalde, Juan González, na súa despedida esta mañá desde a casa consistorial, á que acudiu tamén o edil de Seguridade Rubén Rial.



Os seis axentes, de idades comprendidas entre os 35 e 40 anos (de esquerda a dereita na imaxe), son Ubaldo Rodríguez, Montxo Hermida, Santiago Pereira, Borja González, José Manuel Vázquez e José Luís Garrido (este último non está na foto porque partía desde Pontevedra). Competirán en sete disciplinas diferentes: un en natación, dous en atletismo, dous en ciclismo, dous en BTT, dúas parellas en Biathlon (correr unha milla, efectuar 12 disparos a unha distancia de 25 metros, correr unha segunda milla, volver a efectuar outros 12 disparos e por último correr unha terceira milla), dúas parellas en Duathlon e un equipo de tres en Triathlon.

"Cada un de nós ten bagaxe nas disciplinas nas que imos participar, así que decidimos levar a nosa afección individual ao ámbito público para representar así a Nigrán nunha competición deste tipo por vez primeira na súa historia", sinala o inspector xefe José Manuel Vázquez, quen o pasado fin de semana logrou o bronce no Campionato Galego de Natación Máster de Verán. Vázquez é o único que xa participou en competicións internacionais sendo axente local en Vigo, unha experiencia que describe como "moi positiva" e que trasladou aos outros cinco axentes de Nigrán que agora se estrean.

A presenza da Policía Local nos Xogos é posible grazas á colaboración do Concello e dos patrocinadores privados Pescapuerta e Marine Instruments. Así mesmo, o Club Ciclista Rías Baixas colabora prestando os remolques cos que trasladan as oito bicicletas que empregarán nas diferentes probas.

Os Xogos Europeos iniciáronse en 2006 na cidade de Pontevedra. Desde entón celébranse cada dous anos nunha localidade europea diferente, de maneira alterna cos Mundiais. Desde o seu inicio, o número de participantes en cada edición foi crescendo de forma ininterrompida, ata o punto de que, a nivel mundial só ven superados en índices de participación, de número de deportes e de repercusión económica polos Xogos Olímpicos e polos Xogos Mundiais de Policía e Bombeiros. Nos Xogos participan policía, bombeiros e



Concello de Nigrán

NOTA DE PRENSA

membros da administración penal e das aduanas de numerosos países europeos.